



ANUNCIO

Expte. 2025/E001/000006

SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CATRO PEÓNS FORESTAIS PARA OBXECTO “LIMPEZA DE MONTES E XESTIÓN DE BIOMASA”..

Por decreto de Alcaldía núm. 367/2025 de data 24.06.2025, resolveuse a admisión na contratación antedita; sendo o contido literal do decreto o seguinte:

“DECRETO DE ALCALDÍA

Expte:2025/E001/000006

Asunto: Selección para a contratación laboral temporal de catro peóns forestais para o obxecto “Limpeza de montes e xestión de Biomasa” APROL RURAL 2025

Ao abeiro da Orde do 05 de marzo de 2025, pola que se establece as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio 2025 (DOG núm. 50, do 13 de marzo), este Concello solicita unha achega para a contratación de catro peóns forestais.

En data 15 de maio de 2025 recíbese a resolución na que se concede ao Concello de Valdoviño por importe de 66.408,00 € , equivalente aos custos salariais totais das contratacións de persoal temporal para a obra/servizo.

Vista a aprobación co número de decreto 342 de data 12.06.2025 no que se aproban as bases que rexen a antedita contratación e visto a recepción de solicitudes a través do INEM e a correspondente documentación do intersado/a

Esta Alcaldía, en uso das atribucións, conferidas en virtude do artigo 21 apartado g) da Lei 7/85 Reguladora de Bases de Réxime Local, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Unha vez recibida a listaxe trasladada desde o Servizo Público de Emprego de Galicia para participar na selección para a contratación laboral temporal de catro peóns . Sinalase como data da proba da fase de oposición o **XOVES 26 DE XUÑO** de 2025: ás **11 HORAS** celébrase a proba de oposición no **Campo de Fútbol Municipal de Atios, Avda de San Sadurniño s/n 15.550 - (detrás do colexio Atios, Valdoviño)** ás **11 horas**; **CONVOCASE** aos aspirantes trasladados polo Servizo

Público de Emprego de Galicia para a súa realización; que acudirán provistos de documento que acredite a súa personalidade.

- García Vergara, Maria Lourdes co dni 764****7W
- Gómez Rodriguez, Francisco Gabri co dni 326****6L
- López Ferreira, Jorge co dni 764****1R
- Sanles Bacelo, Tomás co dni 326****5R
- Teijeiro Hermida, Luis co dni 326****0M

Para a realización da proba física , os aspirantes deberán ir provistos con roupa e calzado deportivo para facer a proba.

SEGUNDO. - Vista a Base oitava da convocatoria e conforme o disposto no artigo 60 o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en condición de alcalde do Concello de Valdoviño designo o Tribunal Cualificador para o devandito proceso selectivo:

Presidenta.- Carlota González Navarro, secretaria municipal do Concello de Valdoviño.
Suplente.- Cristina Garay Aguirre, Técnica Superior de Persoal no Concello de Arteixo

Secretario.- Remedios Torres Regueiro (área estadística).
Suplente.- Manuel Larrosa Rodríguez, secretario-interventor no Concello de Ares.

Vogal Titular.- Juan Sánchez Balsa (conserxe do CEIP Plurilingüe de Atios), funcionaria do Concello de Valdoviño .
Suplente.- Rosario García Villar, funcionaria do Concello de Valdoviño.

Contra a composición deste Tribunal poderá presentar o escrito de recusación, de acordo cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

O que se expón aos efectos oportunos.

En Valdoviño, na data da sinatura á marxe

O Alcalde,
Asdo: Alberto González Fernández /”

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Valdoviño, na data indicada á marxe.

O alcalde, Alberto González Fernández.